



Acta da Xunta de Escola ordinaria do 19 de febreiro de 2015

Anexos:

- I. Convocatoria de Xunta de Escola do 19/02/2015.
- II. Asistentes á Xunta de Escola do 19/02/2015.
- III. Encargo de docencia (PDA) do Grao de Enxeñaría de Recursos Mineiros e Enerxéticos e do Grao de Enxeñaría da Enerxía, para o curso académico 2015-2016.
- IV. Encargo de docencia (PDA) do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas para o curso académico 2015-2016.
- V. Calendario Escolar do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos, do Grao en Enxeñaría da Enerxía, do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas e da Titulación de Enxeñaría de Minas para o curso 2014-2015 (Modificación).
- VI. Calendario de exames do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos e do Grao en Enxeñaría da Enerxía para o curso 2014-2015 (Modificación).
- VII. Normativa da ETSE de Minas para o Programa de Intercambio ERASMUS+.
- VIII. Normativa da ETSE de Minas para a mobilidade das bolsas propias da Universidade de Vigo.
- IX. Consulta á Asesoría Xurídica sobre a guía docente da materia “Tecnoloxía Ambiental” (Rexistro de Saída nº 6 do 26 de xaneiro do 2015)
- X. Resposta da Asesoría Xurídica sobre a guía docente da materia “Tecnoloxía Ambiental” (Rexistro de Entrada nº 39 do 30 de xaneiro do 2015)
- XI. Memoria económica e liquidación do orzamento do exercicio 2014.
- XII. Dossier Cartel des Mines 2015.
- XIII. Orzamento da Escola para o exercicio 2015.
- XIV. Documentación relativa ao Plan de Calidade da ETS de Enxeñaría de Minas.

Ábrese a sesión ás 13 horas e 15 minutos, na Sala de Xuntas do módulo de Dirección da E.T.S. de Enxeñaría de Minas, presidida polo Director, Don José Benito Vázquez Dorrió, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 18 de decembro de 2014.

Envíase por correo electrónico uns días antes desta Xunta de Escola e na páxina web do centro estaba xa publicada pendente de aprobación.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a acta da sesión ordinaria da Xunta de Escola celebrada o 18 de decembro de 2014.



Unha vez aprobada será posta definitivamente nas seccións de DESCARGAS ACTAS E GASTOS de acceso libre da web do centro, por exemplo, na sección en galego:

<http://webs.uvigo.es/etseminas/cms/index.php?id=394,430,0,0,1,0>

2. Informe do Director.

O Director informa:

- O 21 de novembro do 2014 promulgouse o Real Decreto 967/2014 que regula os requisitos e procedementos para a homologación e declaración de equivalencia das titulacións e o seu nivel académico, relacionado, entre outras cousas, coa correspondencia ao nivel MECES (Marco Español de Cualificacións para a Educación Superior) das antigas titulacións universitarias de enxeñaría. Para elo, na ANECA creáronse diversas comisións para cada un dos casos. Con respecto ao título de Enxeñeiro de Minas, creouse unha comisión cun representante da administración, un dos colexios profesionais e outro das universidades. No derradeiro caso o acordado foi que fora Don José Luis Parra y Alfaro Director da ETS de Enxeñaría Minas e Enerxía da UPM.
- Recibiuse unha Instrución do 19 de xaneiro de 2015 pola que se regula o proceso de centralización dos subministros de cada centro nos servizos xerais de cada campus. Nela indicase, entre outras cousas, que o incremento do gasto repercute no centro, ben no ano en curso ou no ano seguinte, e o aforro repercutirá tamén no orzamento do centro cunha transferencia de crédito no mes de outubro de cada exercicio.
- A Área de Apoio á Docencia e Calidade iniciou, co compromiso de entregar os informes provisionais o 16 de marzo e os definitivos o 23 de abril, o proceso de avaliación interna dos informes de seguimento de 58 titulacións de grao e máster que non avalía este ano a ACSUG. O cadro de persoas que avalían está formado por 21 profesoras/es dos distintos ámbitos:
http://calidade.uvigo.es/calidade_gl/centros/seguimiento/documentacion/
- Desde o Negociado enviouse por correo electrónico á comunidade do centro e publicouse no apartado GASTOS da web da escola:
<http://webs.uvigo.es/etseminas/cms/index.php?id=631,689,0,0,1,0>
a execución do presuposto da ETSE de Minas correspondente ao cuarto trimestre do 2014:
<http://webs.uvigo.es/etseminas/cms/download.php?f7ca491bf145ef87b884b5b949856657>
- A Dirección, en representación da ETSE de Minas, participou no acto de San Tomé de Aquino 2015 que se levou a cabo no Campus de Vigo. Tamén asistiu o Subdirector David Patiño Vilas.



- Recibiuse unha Instrución do 4 de febreiro de 2015 pola que se regula o proceso de pedimentos para atender á implantación da factura electrónica, de forma que a partir de agora as empresas nacionais non poden facturar en papel nin enviar un pdf como factura, senón que emitirán un arquivo informático, cubrindo previamente unha folla de pedimento:

<https://si.uvigo.es/formularios/foped2.php>
- Por Resolución Reitoral do 4 de febreiro do 2015 convocáronse 39 bolsas de colaboración nas accións de mellora da Calidade dos centros da UVigo. Na ETSE de Minas a oferta é de dúas bolsas de 40 horas mensuais (560 horas). A Dirección agradece o apoio recibido.
- Deseñouse un faldón de 3,20m de largo para colocar nas mesas da tarima do profesorado nas aulas para cando se realicen actos que polo seu aforo non se poidan levar a cabo na Aula de Grao.
- A ETSE de Minas acolleu, o 11 de febreiro, 79 alumnos e alumnas de Secundaria e Bacharelato da provincia de Pontevedra que participaron na Fase Territorial da Olimpíada de Xeoloxía. A actividade foi coordinada no centro pola profesora Natalia Caparrini Marín e contou coa colaboración, en forma de conferencia impartida, do profesor José Bienvenido Diez Ferrer. A Dirección agradece o traballo realizado.
- O venres 13 de febreiro realizouse unha Xornada Difusión do Colexio Oficial de Enxeñeiros de Minas do Noroeste, aínda que estaba pensada para o alumnado dos últimos cursos das titulacións do centro estivo aberta á participación de calquera persoa interesada. Contamos coa presenza do Decano do Colexio, Don Juan José Fernández Díaz, e un dos seus Vogais, Don Juan Ricoy Alonso. O obxectivo foi presentar a profesión regulada de Enxeñeiro/a de Minas e ao Colexio. A Dirección agradece esta colaboración coa ETSEM.
- Enviouse un recordatorio ao profesorado para que planificase de maneira persoal as Enquisas de Avaliación Docente EAD do 2º cuatrimestre do curso 2014-2015 das materias que imparte e determine a data e horario de realización que lle conviña. Os coordinadores dos graos serán os responsables de completar, se é o caso, a información necesaria. Previamente, tal e como se indicou na pasada Xunta de Escola, desde a Dirección enviouse un escrito á Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado sobre as incidencias detectadas durante a EAD do 1º cuatrimestre, coa solicitude de que tomen nota das mesmas e as teñan en conta para futuras planificacións.
- Unha vez pechado o prazo de entrega das actas a Área Académica do centro informou que o 96% do profesorado xa dispón de firma dixital a día de hoxe. A Dirección lembra que se pode tramitar de forma moi sinxela o correspondente certificado dixital no Negociado de Asuntos Xerais. A Dirección prega ao profesorado sen certificado dixital realice esa tarefa.



- Os próximos días 2, 3, 4, 5, e 6 de marzo do 2015, vaise celebrar nas dependencias da EE de Telecomunicacións, da ETSE de Minas e da EE Industrial a XV edición do "Foro Tecnolóxico de Emprego" coa participación de numerosas empresas. Dende a organización invítasevos a participar activamente nas conferencias e nas xornadas de stands. A Dirección agradece o traballo realizado.
 - A Dirección recibiu un escrito de solicitude de envío dun Plan de Viabilidade do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos que demostre que o título se adapta á demanda socioeconómica e cultural de Galicia, debido a que é na UVigo un dos oito graos nos que a media do número de alumnos de novo ingreso durante os últimos tres cursos foi inferior ao establecido no artigo 6 do Decreto 222/2011 (50 alumnos/as no Campus de Vigo). A versión definitiva de dito Plan de Viabilidade deberá ser remitida á Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado antes do 25 de abril de 2015, logo da súa aprobación pola Xunta de Escola. Esa tarefa será levada a cabo pola coordinadora de Calidade, Natalia Caparrini Marín, o cal é agradecido pola Dirección.
 - A ETSE de Minas oferta, en colaboración coa Biblioteca Central, para o alumnado dos seus derradeiros cursos do grao e primeiro curso do máster, formación virtual sobre a busca e xestión da información. Algunhas das finalidades destas actividades son que o estudiantado empregue a información de maneira legal e ética ou coñeza diferentes xestores bibliográficos e as súas funcionalidades, ferramentas a empregar cando menos nas materias de TFG e TFM. As profesoras responsables nos graos e máster son respectivamente as profesoras Itziar Goicoechea Castaño e Natalia Caparrini Marín. A Dirección agradece o traballo realizado.
 - Diverso profesorado do centro colabora no 2015 cos organizadores de distintos congresos do seu ámbito, para todos eles aínda está aberto o prazo de presentación de resúmenes de comunicación:
 - Congreso Nacional de Áridos
<http://congresoaridos.com/>
 - XXXVI Reunión do grupo de electroquímica da Real Sociedade Española de Química - XVII Encontro Ibérico de Electroquímica
<http://geqxxxvi.webs.uvigo.es/>
 - Primeira Expo-Convención de Enerxía, Minería e Metalurxia
<http://www.spainminergy.com/>
- Na páxina web do centro figuran agora banners específicos para cada un deles. A Dirección agradece estas iniciativas que visibilizan na sociedade á ETSE de Minas.
- Comezaron as obras de canalización de gas natural no ámbito tecnolóxico coa conexión entre Minas e Industriais pola zona de aparcamento do profesorado, seguindo polo entorno dos centros.



- Iniciado o segundo cuadrimestre, solicitouse a devolución, ao profesorado sen docencia neste cuadrimestre, das chaves dos caixóns das aulas e actualizáronse os datos do profesorado no apartado correspondente da web do centro. En particular a información correspondente ás titorías. Recibidas varias consultas recórdase que se poden consultar as obrigas docentes referidas as horas correspondentes de titorías no artigo 9 da normativa seguinte (BOE 146 de 19 de Xuño de 1985):

http://www.boe.es/diario_boe/txt.php?id=BOE-A-1985-11578

Segundo información recibida da Área de Estudos e Programas a Universidade de Vigo está subindo nos ránking de transparencia na Universidade española. Para seguir avanzando, precisase ter información clara e completa sobre o profesorado como a que temos na nosa web:

<http://webs.uvigo.es/etseminas/cms/index.php?id=407,0,0,1,0,0>

- Nas Certificacións Académicas Persoais que agora expide a UVigo para o alumnado ademais da cualificación numérica e conceptual inclúese o grao ECTS, que clasifica ao alumnado en distintos tramos porcentuais seguindo o modelo internacional: A 10% mellor; B 25% seguinte; C 30% seguinte; D 25% seguinte; E 10% restante. Ademais aparece unha indicación de que a Nota Media é calculada segundo o protocolo do Sistema Universitario Galego de acordo co sistema establecido no RD 1125/2003.
- Enviouse a solicitude de participación dos graos do centro na IV Convocatoria da Fundación para a Proxección Internacional das Universidades Española (Programa Ciencia sen Fronteiras – España 2015-2016).
- Creouse un novo apartado da web do centro, na sección de Planificación Académica, dedicado ás saídas de campo:

<http://webs.uvigo.es/etseminas/cms/index.php?id=804,0,0,1,0,0>

Agradécese o material fotográfico aportado polas seguintes persoas: Luisa Álvarez, Javier Taboada, Jessica Piñeiro, Marta Cabeza, Natalia Caparrini, Susana Laguëla e Teresa Rivas. Para o segundo cuadrimestre do curso 2014-2015 todas as saídas de campo solicitadas, dezasete, foron aprobadas na Comisión Permanente do pasado 30 de xaneiro de 2015. Recórdase que non se poderá realizar ningunha saída que non fora previamente solicitada e autorizada polo centro.

- Creouse un banner na páxina principal da web da escola cun enlace directo a información da exposición didáctica e itinerante para os centros preuniversitarios da nosa contorna creada pola ETSEM e que pon de manifesto a importancia dos recursos naturais de Galicia e a súa relación coas tarefas investigadoras e profesionais que levan a cabo os titulados deste centro. Esta exposición reforza ao mesmo tempo as mexases da importancia do noso patrimonio natural próximo e a necesidade do seu emprego sustentable xunto coa valorización do traballo que se leva a cabo nas universidades.



- A ETSEM editou o libro Proxectos Fin de Carreira/Prácticas en Empresas (ISBN 978-84-8158-669-5). Esta publicación recolle de forma moi resumida os resultados realizados polo noso alumnado nos cursos 2011-2012, 2012-2013 e 2013-2014 nestas materias da titulación de Enxeñaría de Minas. Pola súa posterior distribución, este compendio de traballos é unha forma de achegar os resultados do funcionamento do centro aos grupos de interese non universitario (futuro alumnado, empregadores e cidadanía en xeral). Todo elo redonda, sen lugar a dúbidas, nun maior entendemento e nunha confianza recíproca. Como pon no Prólogo da publicación, a Dirección do centro agradece a todos os axentes implicados (alumnado, profesorado e persoal de apoio e servizos) o seu esforzo e traballo, que contribúe a unha formación académica de maior calidade para o noso alumnado. A Dirección agradece tamén o traballo realizado pola Xefa do Negociado da ETSEM na edición, corrección e maquetación dos textos.
- Leváronse a cabo diversas actuacións relacionadas coas infraestruturas do centro: instalación de lectores biométricos (de pegada dactilar) nos laboratorios informáticos 12 e 13 así como na aula M106, que ten o sistema de gravación de aulas, o proceso de alta para o acceso está en marcha a través dos responsables dos Servizos Informáticos do Ámbito Tecnolóxico (SIATEC); creouse unha web para o SIATEC onde poderán descargarse formularios e información relacionada con el: <http://siatec.webs.uvigo.es/>, pódese acceder á web desde un banner novo na páxina principal da escola; implantáronse e foron enviados formularios para a solicitude de alta no sistema biométrico, préstamo de material do centro (proxectores, portátiles...) e para a retirada de material informático obsoleto; a Aula 00 de informática de acceso libre, que tamén é utilizada en tarefas docentes cando é necesario, ten agora tres postos máis e trasladouse o ordenador do profesorado cara a pantalla de proxección por comodidade; instaláronse mesas e cadeiras no vestíbulo que comunica a ETSEM coa EEI; instaláronse dous proxectores LED na Aula de Grao da Escola, os retirados serán colocados nos laboratorios docentes (M101 e M110); instaláronse acolchados nas bancadas da aula M212. Esta tarefas foron coordinadas na ETSEM esencialmente polo Subdirector David Patiño Vilas co apoio do Técnico Informático do ámbito tecnolóxico José Luis Ríos Beis e os bolseiros de informática no centro, aos cales a Dirección agradece o traballo realizado.

Este informe, previamente á publicación da acta na web do centro, será enviado logo desta Xunta de Escola a todo o profesorado con docencia no centro, así como ao resto dos membros de Xunta de Escola, pregándose a súa difusión entre os contactos potencialmente interesados.



3. Aprobación, se procede, do límite de prazas para primeiro curso dos graos impartidos nesta escola, así como do límite de prazas por traslado para o acceso a ditos graos para o curso académico 2015-2016.

A Xunta de Escola acorda, por asentimento, aprobar 50 prazas para primeiro curso de cada un dos graos impartidos nesta escola. Así mesmo apróbase, por asentimento, 10 prazas por traslado para o acceso a ditos graos para o curso académico 2015-2016, cos mesmos criterios de adxudicación que en anos anteriores, e dicir: terán preferencia os alumnos que soliciten o traslado desde un dos dous graos que se imparten nesta Escola, ordenados por nota media do expediente. Logo ordenaranse o resto das solicitudes dos alumnos que veñan doutros graos tamén por nota media do seu expediente de orixe. A Comisión de Garantía de Calidade aprobou por asentimento o mesmo, na súa sesión previa a esta Xunta de Escola.

4. Aprobación, se procede, do encargo de docencia (PDA) do Grao de Enxeñaría de Recursos Mineiros e Enerxéticos e do Grao de Enxeñaría da Enerxía, para o curso académico 2015-2016.

Propónse a aprobación do encargo de docencia (PDA) do Grao en Enxeñaría de Recursos Mineiros e Enerxéticos e do Grao en Enxeñaría da Enerxía para o curso académico 2015-2016, cun total de 6410,1 horas a impartir. A Dirección agradece o apoio da UVigo a ambos graos. A Comisión de Garantía de Calidade aprobou por asentimento o mesmo na súa sesión previa a esta Xunta de Escola.

A Vicerreitoría de Profesorado solicita para o curso 2015-2016, como anexo da PDA, unha listaxe priorizada dos departamentos con capacidade de asumir o encargo docente das materias de Formación Básica dos Graos. A proposta da Dirección da escola pasa por limitar a impartición desta docencia por parte dos departamentos pertencentes ao Ámbito Tecnolóxico. Así, na proposta, só aparece como segunda opción o departamento de Matemática Aplicada I, nas materias dos graos asignadas como primeira opción ao departamento de Matemática Aplicada II.

A Vicerreitoría solicita tamén para o curso 2015-2016, como anexo da PDA, unha listaxe das materias que serán impartidas en inglés no curso 2015-2016, non especificándose ningunha materia no caso dos graos adscritos a este centro.

Toda a documentación relativa a este punto foi enviada adxunta á convocatoria desta XE. A Xunta de Escola acorda, por asentimento, aprobar o encargo de docencia (PDA) do Grao de Enxeñaría de Recursos Mineiros e Enerxéticos e do Grao de Enxeñaría da Enerxía para o curso académico 2015-2016 que foi coordinada pola Subdirectora María Araújo Fernández.

Achégase dito documento como Anexo III a esta acta.

5. Ratificación, se procede, do encargo de docencia (PDA) do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas, para o curso académico 2015-2016.

Propónse a ratificación do encargo de docencia (PDA) do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas para o curso académico 2015-2016, que xa foi aprobada pola Comisión Académica



de dito Máster (CAM) nunha reunión celebrada o 12 de febreiro de 2015, cun total de 1083 horas a impartir. A Dirección agradece o apoio da UVigo ao máster. O documento foi enviado como documentación adxunta á convocatoria desta XE.

Calquera modificación puntual será xa aprobada pola CAM.

A Xunta de Escola ratifica, por asentimento, o encargo de docencia (PDA) do Máster en Enxeñaría de Minas, para o curso académico 2015-2016 que foi coordinado pola profesora Elena Alonso Prieto. A Dirección agradece o traballo realizado.

Achégase dito documento como Anexo IV a esta acta.

6. Aprobación, se procede, de responsables da coordinación para o curso 2015-2016.

A Xunta de Escola acorda, por asentimento, nomear os seguintes coordinadores no centro:

MÁSTER UEM	Elena Alonso Prieto
GRAO EE	David Patiño Vilas
GRAO ERME	Carmen Pérez Pérez
1º CURSO GRAOS	Ángeles Saavedra González
2º CURSO GRAOS	Rubén López Cancelos
3º E 4º CURSO EE	Pablo Eguía Oller
3º E 4º CURSO ERME	Fernando García Bastante
PRÁCTICAS EXTERNAS GRAOS E MUEM	Javier Taboada Castro
1º E 2º CURSO MUEM	Teresa Rivas Brea
CALIDADE MUEM	María Araújo Fernández
PAT	Ángeles Saavedra González
DIFUSIÓN	Marta Cabeza Simó
CALIDADE	Natalia Caparrini Marín

A Comisión de Garantía de Calidade aprobou por asentimento os mesmos responsables na súa sesión previa a esta Xunta de Escola.

7. Aprobación, se procede, dos criterios aplicados para o reparto de recoñecementos de apoio á actividade docente dos Centros (POD curso 2015/2016).

A Xunta de Escola acorda, por asentimento, aprobar o seguinte reparto da bolsa do centro de 153 horas de recoñecementos de apoio á actividade docente dos Centros (POD curso 2015/2016). No curso 2014/2015 esa bolsa de horas foi de 188 horas.



Nome e apelidos	Concepto do recoñecemento	TOTAL
Ángeles Saavedra González	Coordinación 1º + PAT	30
Pablo Eguía Oller	Coordinación 3º E 4º CURSO EE	15
Fernando García Bastante	Coordinación 3º E 4º CURSO ERME	15
Javier Taboada Castro	Coordinación PE	25
Teresa Rivas Brea	Coordinación 1º E 2º CURSO MUEM	5
María Araújo Fernández	Calidade Máster	13
Marta Cabeza Simó	Difusión	15
Natalia Caparrini Marín	Coordinación calidade	35

A Comisión de Garantía de Calidade aprobou por asentimento os mesmos recoñecementos na súa sesión previa a esta Xunta de Escola.

A Dirección agradece ao profesor Rubén López Cancelos a cesión do seu recoñecemento, que a Dirección tiña pensado para él, ao resto dos coordinadores/colaboradores.

8. Modificación, se procede, do calendario escolar do curso académico 2014-2015 para as titulacións impartidas na ETSE de Minas.

O calendario laboral para o ano 2015 considera festivo o venres 20 de marzo. Cómpre modificar o calendario escolar do curso 2014-2015. A Xunta de Escola acorda, por asentimento, aprobar esa modificación que será actualizada na web do centro. A Comisión de Garantía de Calidade aprobou por asentimento o mesmo na súa sesión previa a esta Xunta de Escola.

A documentación relativa a este punto foi enviada adxunta á convocatoria desta XE, e se achega como Anexo V a esta acta.

9. Modificación, se procede, do calendario de exames dos Graos de “Enxeñaría dos Recursos Míneiros e Enerxéticos” e “Enxeñaría da Enerxía” para o segundo cuadrimestre do curso académico 2014-2015.

De acordo coa modificación aprobada no punto anterior faise necesario aprobar unha modificación de datas de exames naqueles casos nos que inicialmente estaba programada a súa realización o venres 20 de marzo. Concretamente os exames das materias “Organización de empresas e sistemas de produción e fabricación” do Grao EE e “Xeofísica, xeoquímica e xeotermia” do grao ERME. A Xunta de Escola acorda, por asentimento, aprobar ditas modificacións que será actualizadas na web do centro e nas guías docentes correspondentes.

A Comisión de Garantía de Calidade aprobou por asentimento o mesmo na súa sesión previa a esta Xunta de Escola. A documentación relativa a este punto foi enviada adxunta á convocatoria desta XE. Véxase no Anexo VI.



10. Aprobación, se procede, da Normativa da ETSE de Minas para o Programa de Intercambio ERASMUS+.

A Xunta de Escola acorda, por asentimento, aprobar a Normativa da ETSE de Minas para o Programa de Intercambio ERASMUS+ que se achega no Anexo VII desta acta. Eliminouse dela unha redundancia matemática indicada polo profesor Eduardo Liz Marzán.

A coordinación desta Normativa foi levada a cabo pola Subdirectora Carmen Pérez Pérez.

A Comisión de Garantía de Calidade aprobou por asentimento o mesmo na súa sesión previa a esta Xunta de Escola. Esta normativa foi enviada adxunta á convocatoria desta XE. A Dirección agradece o traballo realizado.

11. Aprobación, se procede, da Normativa da ETSE de Minas para a mobilidade das bolsas propias da Universidade de Vigo.

A Xunta de Escola acorda, por asentimento, aprobar a Normativa da ETSE de Minas para a mobilidade das bolsas propias da Universidade de Vigo que se achega no anexo VIII desta acta. Eliminouse dela unha redundancia matemática indicada polo profesor Eduardo Liz Marzán.

A coordinación desta Normativa foi levada a cabo pola Subdirectora Carmen Pérez Pérez.

A Comisión de Garantía de Calidade aprobou por asentimento a mesma na súa sesión previa a esta Xunta de Escola. Dita normativa foi enviada adxunta á convocatoria desta XE. A Dirección agradece o traballo realizado.

12. Nomeamento da Comisión de Compensación para os Graos impartidos nesta Escola e para este curso académico 2014-2015.

O punto 5 da instrución para proceder ao nomeamento da Comisión de Compensación di:

Todos os centros da Universidade de Vigo contarán cunha comisión de compensación por titulación.

- 1. A comisión de compensación será nomeada polo centro de adscrición da materia coa seguinte composición tendo en conta a paridade entre mulleres e homes:*
 - A persoa coordinadora da titulación que a presidirá.*
 - Tres vogais e tres suplentes pertencentes ao profesorado da titulación. Deberán estar representadas as diferentes áreas de coñecemento que teñan asignada a docencia na titulación.*
 - Un ou unha vogal que represente o estudantado nalgún consello dos departamentos implicados ou na xunta de centro correspondente.*
- 2. A elección ou designación das persoas que formen a comisión realizarase ao comezo do ano académico e renovarase anualmente.*
- 3. Non poderá formar parte da comisión o profesorado que interviñera na corrección ou avaliación da materia que se solicita compensar. De ser o caso, este deberá ser substituído por outra/o docente designado polo centro.*



Solicítouse previamente profesorado e alumnado voluntario para formar parte de calquera das dúas Comisións que se teñen que nomear neste centro (unha por cada un dos graos). En representación do alumnado presentáronse: Jaime García Iglesias (como titular) e Rosalía Carrillo Pérez (como suplente) para ambas comisións.

Ao non terse presentado candidatos dentro do sector do profesorado, procédese á realización dun sorteo, de tal xeito que a Xunta de Escola nomea aos seguintes membros das Comisións de Compensación para este curso académico 2014-2015:

GRAO DE ENXEÑARÍA DOS RECURSOS MINEIROS E ENERXÉTICOS

Presidenta: Carmen Pérez Pérez

Tres vogais do profesorado:

TITULARES	SUPLENTES
Área: Mecánica dos medios continuos e T.E. Profesor: Rubén López-Cancelos Ribadas	Área: Enxeñaría cartográfica, xeodésica e F. Profesor: Higinio González Jorge
Área: Organización de empresas Profesor: Alfonso Mandado Vázquez	Área: Física aplicada Profesor: José Benito Vázquez Dorrío
Área: Prospección e investigación mineira Profesor: Natalia Caparrini Marín	Área: Explotación de minas Profesor: Teresa Rivas Brea

SUPLENTE: Por se o profesor encargado da materia afectada fora unha das anteriores:

ÁREA	PROFESOR
Enxeñaría química	Ángel Manuel Sánchez Bermúdez

Un vocal do estudantado:

Titular: Jaime García Iglesias

Suplente: Rosalía Carrillo Pérez

GRAO DE ENXEÑARÍA DA ENERXÍA

Presidente: Don David Patiño Vilas

Tres vogais do profesorado:

TITULARES	SUPLENTES
Área: Ciencia dos materiais Profesor: Marta Cabeza Simó	Área: Máquinas e motores térmicos Profesor: Enrique Granada Álvarez
Área: Expresión gráfica na enxeñaría Profesor: Elena González Rodríguez	Área: Prospección e investigación mineira Profesor: Natalia Caparrini Marín
Área: Enxeñaría cartográfica, xeodésica e F. Profesor: Higinio González Jorge	Área: Estatística Profesor: Ángeles Saavedra González

SUPLENTE: Por se o profesor encargado da materia afectada fora unha das anteriores:

ÁREA	PROFESOR
Física aplicada	Javier Vijande López

Un vocal do estudantado:

Titular: Jaime García Iglesias

Suplente: Rosalía Carrillo Pérez



13. Modificación, se procede, da guía docente da materia “Tecnoloxía ambiental” (V01402) de 2º curso dos Graos impartidos nesta Escola para este curso académico 2014-2015.

A Dirección fixo unha consulta á Asesoría Xurídica sobre se varios parágrafos da guía docente da materia “Tecnoloxía ambiental” (V01402) de 2º curso dos Graos impartidos nesta Escola para este curso académico 2014-2015 contradicían algún regulamento ou normativa. Véxase a consulta no Anexo IX (Rexistro de Saída nº 6, do 26 de xaneiro do 2015) da presente acta.

Recibida a contestación da Asesoría Xurídica, véxase Anexo X (Rexistro de Entrada nº 39, do 30 de xaneiro do 2015), convocouse unha Comisión de Garantía de Calidade a cal foi invitado o profesor da materia. Nesta comisión o profesor aceptou retirar os parágrafos sobre os que se realizou a consulta. A Comisión de Garantía de Calidade acordou, por asentimento, retirar ditos parágrafos da mencionada guía docente. Toda a documentación relativa a este punto foi enviada adxunta á convocatoria desta XE.

A Xunta de Escola acorda, por asentimento, a modificación da guía docente da materia “Tecnoloxía ambiental”, no sentido de eliminar os parágrafos sobre os que se realizou a consulta á Secretaría Xeral.

14. Aprobación, se procede, da memoria económica e liquidación do orzamento do exercicio 2014.

A Xunta de Escola acorda, por asentimento, aprobar a memoria económica e liquidación do orzamento do exercicio 2014 que foi coordinada polo Subdirector David Patiño Vilas, e que se achega como Anexo XI a esta acta.

A Comisión de Garantía de Calidade aprobou por asentimento o mesmo na súa sesión previa a esta Xunta de Escola. Toda a documentación relativa a este punto foi enviada adxunta á convocatoria desta XE. A Dirección agradece o traballo realizado e tamén agradécese á administradora do centro, Ana Cacheiro, a axuda prestada na realización desta memoria.

As execucións trimestrais do 2014 pódense consultar no apartado ACTAS E GASTOS da web do centro: <http://webs.uvigo.es/etseminas/cms/index.php?id=394,430,0,0,1,0>

15. Aprobación, se procede, de subvención e aval para o Cartel des Mines 2015.

Logo da exposición sobre as actividades do Cartel de Mines por parte dun representante de dita asociación (Sergio Villamarín), a Xunta de Escola acorda, por asentimento, aprobar o aval e unha subvención de 3000€ para o desprazamento do Cartel a Nantes (Francia). O Cartel mantén o seu compromiso de atender a Aula de Informática de Acceso Libre do centro cando non se ocupe como Aula Informática ou non estea atendida polos bolseiros. Toda a documentación relativa a este punto foi enviada adxunta á convocatoria desta XE.

Achégase como Anexo XII o aval e o dossier exposto.



16. Aprobación, se procede, do orzamento da Escola para o exercicio 2015.

A Xunta de Escola acorda, por asentimento, aprobar o Presuposto para o exercicio 2015 (achégase como Anexo XIII a esta acta) que foi coordinado polo Subdirector David Patiño Vilas.

Toda a documentación relativa a este punto foi enviada adxunta á convocatoria desta XE. A Comisión de Garantía de Calidade aprobou por asentimento o mesmo na súa sesión previa a esta Xunta de Escola.

A Dirección agradece o traballo realizado e tamén agrádecese á administradora do centro Ana Cacheiro a axuda prestada na realización deste presuposto.

As execucións trimestrais do 2015 poderán consultarse no apartado ACTAS E GASTOS da web do centro: <http://webs.uvigo.es/etseminas/cms/index.php?id=394,430,0,0,1,0>

17. Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da E.T.S. de Enxeñaría de Minas.

A Comisión de Garantía de Calidade da ETSE de Minas aprobou por asentimento na súa reunión do 19 de febreiro a seguinte documentación, que se inclúe no Anexo XIV a esta acta:

- DE 01 Planificación e Desenvolvemento Estratéxico
- DE 02 Seguemento e Medición
- DE 03 Revisión do Sistema por a Dirección
- MC 02 Xestión de Queixas, suxestións e felicitacións
- MC 05 Satisfacción das/os usuarias usuarios

A Xunta de escola aproba, por asentimento, a antedita documentación.

A documentación foi preparada pola Área de Apoio á Docencia e Calidade da UVigo e na ETSEM o proceso foi coordinado pola profesora Natalia Caparrini Marín. A Dirección agradece o traballo realizado.

18. Rogos e preguntas.

Interveñen Jaime García e Rosalía Carrillo para solicitar que en vindeiras convocatorias desta Xunta de Escola se envíe toda a información a tratar dunha soa vez, en lugar de enviar múltiples correos electrónicos. O Director lle resposta que se terá en conta este rogo en futuras convocatorias.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 14 horas e 30 minutos do día de hoxe, do que como Secretaria dou fe en Vigo, a dezanove de febreiro de dous mil quince.

Vº e Prace
O Presidente

A Secretaria

José Benito Vázquez Dorrió

Natalia Caparrini Marín



ANEXO I

Convocatoria de Xunta de Escola do 19/02/2015



ANEXO II
Asistentes á Xunta de Escola do 19/02/2015



Asistentes Xunta de Escola ordinaria 19/02/2015

PROFESORES	
1.	Presidente: José Benito Vázquez Dorrió
2.	Secretaria: Natalia Caparrini Marín
3.	Alejano Monge, Leandro
4.	Alonso Prieto, Elena
5.	Álvarez Vázquez, Lino José
6.	Araújo Fernández, María
7.	Arias Sánchez, Pedro
8.	Cabeza Simó, Marta
9.	García Bastante, Fernando
10.	González Jorge, Higinio
11.	Liz Marzán, Eduardo
12.	López-Cancelos Ribadas, Rubén
13.	Mandado Vázquez, Alfonso
14.	Patiño Vilas, David
15.	Pérez Pérez, Carmen
16.	Saavedra González, Ángeles
17.	Vijande López, Javier
ALUMNOS	
1.	Alonso Sanmartín, Uxía
2.	Búa Fernández, Sergio
3.	Carrillo Pérez, Rosalía
4.	Faro Malvar, Diego
5.	García Iglesias, Jaime
6.	Graña Molina, Rodrigo
7.	Iglesias Justo, Xeila
8.	Lema Costa, Nerea
9.	López Echevarría, Isabel
10.	Rodríguez Hermida, Carolina
P.A.S.	
1.	Romo Pérez, M ^a del Carmen

Total membros Xunta de Escola :	47
Asistentes	28

Escusa a súa asistencia:

- Don Jorge Morán González



ANEXO III

**Encargo de docencia (PDA) do Grao de Enxeñaría de Recursos Mineiros e
Enerxéticos e do Grao de Enxeñaría da Enerxía,
para o curso académico 2015-2016**



ANEXO IV
Encargo de docencia (PDA) do
Máster Universitario en Enxeñaría de Minas
para o curso académico 2015-2016



ANEXO V

Calendario Escolar do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos, do Grao en Enxeñaría da Enerxía, do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas e da Titulación de Enxeñaría de Minas para o curso 2014-2015 (Modificación)



ANEXO VI
Calendario de exames
do Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos
e do Grao en Enxeñaría da Enerxía
para o curso 2014-2015 (Modificación)



ANEXO VII
Normativa da ETSE de Minas para o
Programa de Intercambio ERASMUS+



ANEXO VIII
Normativa da ETSE de Minas para a
mobildade das bolsas propias da Universidade de Vigo



ANEXO IX

Consulta á Asesoría Xurídica sobre a guía docente da materia “Tecnoloxía Ambiental” (Registro de Saída nº 6 do 26 de xaneiro do 2015)



ANEXO X

Resposta da Asesoría Xurídica sobre a guía docente da materia “Tecnoloxía Ambiental” (Registro de Entrada nº 39 do 30 de xaneiro do 2015)



ANEXO XI

Memoria económica e liquidación do orzamento do exercicio 2014



ANEXO XII
Dossier Cartel des Mines 2015



ANEXO XIII

Orzamento da Escola para o exercicio 2015



ANEXO XIV
Documentación relativa ao
Plan de Calidade da ETS de Enxeñaría de Minas